



HOXE ESTAMOS DE MAGOSTO

Hoxe acédense o lume do magosto nunha máxica mañá, amencida polo sorriso da rapazada que ferve de contento neste espazo de escola tinguido de outono.

Inaugúrase o ritual de cinza e chamas no feiticeiro ceo pontevedrés, cos ollos dos rapaces ensimesmados de sorpresa diante deste acontecemento de engado e ardentía.

Hoxe estamos moi contentos nesta festa fabulada, preparamos as cantigas con moito acompasamento, esas letriñas rimadas que lle guindamos ao vento.

Vinde rapaces festeiros, vinde probar lambetadas, vinde ao noso Magosto comer castañas asadas.

Vinde xogar e brincar, facer bromas e cantar, que as castañas xa rebentan na grella, estoupando no ar fronte a calada paisaxe.

Todo é ledicia e divertimento na cerimonia do entretemento, cos cativos convocados arredor do lume, cos berros, troulas, lérias, charlas, grolos de laranxada, enredos e gargalladas.

Recibamos ao Magosto con esta lúdica celebración chea de misterio e aventura, cun estalo de emocións a carón da fogueira e cos soños dos rapaces medrando en fantasías coma un mar de resplandores.

Benvido sexa o Magosto á escola de Campolongo co sabor dun outono fermoso, atesourado de recendo a castañas neste tempo de memoria, para aledarnos co recordo dun farturento pouso emotivo no volumétrico afán das lembranzas.